

## Roteiro no Ulla e apadriñamento dun treito río

O sábado 26 de abril ADEGA vai realizar dentro do Proxecto Ríos un Roteiro polas Torrentes de Mácara, O Teixo vai a participar nesta actividade, asemade imos a apadriñar unha parte do río. Aínda estou pendente da chamada de ADEGA para aclarar este punto, pero parece que están interesados en que apadriñemos unha parte do río, cando teña máis información de isto xa vola paso.

O sábado 26 ADEGA vai realizar dentro do Proxecto Ríos un Roteiro polas Torrentes de Mácara, O Teixo vai a participar nesta actividade, asemade imos a apadriñar unha parte do río. Aínda estou pendente da chamada de ADEGA para aclarar este punto, pero parece que están interesados en que apadriñemos unha parte do río, cando teña máis información de isto xa vola paso. De primeiras, se non hai novidade o roteiro parte dende o antigo balneario de Frádegas (Antas de Ulla) ás 10:30, despois xantaremos alí, cada un terá que levar o seu bocata (se chove teremos aberto o refuxio de pescadores) logo pola tarde achegarémonos até o A casa da eira da Xoana en Ramil (Agolada) centro de educación socio-ambiental enmarcado dentro do Proxecto Aldea Verde, para rematar a actividade as 19:00 horas. É preciso que me confirmedes a asistencia e podédelo facer no número: 638-043-958, asemade facédeo o máis axiña posíbel.